

As violencias machistas representan a manifestación máis brutal das desigualdades entre mulleres e homes, sendo unha problemática que afecta á nosa sociedade dun modo cada vez máis preocupante. Concretamente, no partido xudicial ao que pertence Rianxo (xunto con Dodro, Padrón e Rois) este ano tramitáronse 12 denuncias e 6 ordes de protección.

Neste contexto, o Concello de Rianxo impulsa por segundo ano consecutivo Rianxo en Negro, unha campaña que nace coa intención de tinguir de negro a vila en sinal de loito coas mulleres asasinadas por violencia machista, en sinal de solidariedade con esta problemática. Aínda que en paralelo, o Concello de Rianxo suma forzas para construír unha gran luz branca que simbolice as posibilidades de cambio e de transformación. Para isto, Rianxo en Negro organiza un abano de actividades que teñen como obxectivo a concienciación e a prevención das violencias machistas na vila. Nesa liña, queremos crear espazos de reflexión, de pensamento, de transformación e de erradicación das violencias machistas.

Rianxo en Negro lévase a cabo grazas ao traballo compartido das áreas de comercio, turismo, cultura, deportes, normalización lingüística, a biblioteca municipal, obras e benestar e igualdade. Igualmente, esta campaña non sería posible sen o compromiso e a participación do comercio local, da comunidade educativa, do tecido asociativo cultural e da veciñanza.

Un ano máis, convidámosvos a formar parte desta ilusionante campaña. Agardamos as vosas aportacións para tinguir de negro o presente e alumear de luz branca de cambio o futuro de Rianxo.

CONTRA A VIOLENCIA



RIANXO EN NEGRO

PROGRAMACIÓN NOVEMBRO 2018

Martes 6 - Auditorio Municipal
18:30h - **OBRADOIRO**
MINDFUNDLES EN FAMILIA
Dirixido a Crianzas entre 4 e 12 anos
acompañadas das familias

Venres 9 - Liceo
21:00h - **OBRADOIRO**
ESCULTURAS CONTRA AS VIOLENCIAS
Escaparatismo dirixido a comercios

Sábado 17 - Piscina Municipal
11:00h - **XORNADA DE AUTODEFENSA PARA MULLERES**

Martes 20 - Auditorio Municipal
18:30h - **OBRADOIRO**
EDUCANDO NAS EMOCIÓNS
Dirixido a Crianzas entre 4 e 12 anos
acompañadas das familias

Mércores 21
19:00h - **PALESTRA**
MULLERES DEPORTISTAS RIANXEIRAS
no Auditorio Municipal
21:30h a 22:15h - **#ZUMBARIANXOENNEGRO**
na Piscina Municipal

Xoves 22
19:00h - **PRESENTACIÓN**
REVISTAS FEMINISTAS GALEGAS:
REVIRADA E ANDAINA
na Biblioteca Municipal
21:00h - **LECTURA DRAMATIZADA**
MALCRIADA, UNHA HISTORIA DE AMOR
de Esther Carrodegua polas mulleres
do Teatro Airiños no local social de Asados

Sábado 24
9:00h - **ANDAINA**
CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS

CONTRAC
VIOLENCIA

Dende o luns 19 ao domingo 25

EXPOSICIÓN NOS COMERCIOS RIANXEIROS
de Cartaces contra as Violencias elaborados
polo alumnado do CRA e dos CEIPs

MURAL NA BIBLIOTECA MUNICIPAL
de mensaxes contra as violencias machistas

Venres 23 - Praza do Concello
12:00h - **ACTO**
RECOÑECIMENTO E PREMIOS
PARA A COMUNIDADE EDUCATIVA
LECTURA DO MANIFESTO INSTITUCIONAL

Domingo 25 - Auditorio Municipal
19:30h - **ESPECTÁCULO**
O LEGADO DE JACINTA LANDA VAZ

Dende o luns 19 ao domingo 25

PINGAS DE LUZ
Mapa. Investigación e recollida das
agresións machistas en Rianxo

LECTURAS CONTRA AS VIOLENCIAS
Catálogo de lecturas na Biblioteca Municipal

OBRADOIRO DE CONCIENCIACIÓN INFANTIL
Para familias na Piscina Municipal

OBRADOIRO DE AUTODEFENSA PARA MULLERES
Na Piscina Municipal os venres de 19h a 20:15h

RIANXO
EN
NEGRO